

Toño Núñez adica aos primeiros lectores un conto rimado no que o personaxe descrito, Mago Goma, prende a atención dos rapaces xa desde o seu propio nome: un nome que constituye un palíndromo xa que tanto se pode ler do de-reito como do revés, pre-ludiando deste xeito as excentricidades do meigo.

Trátase, polo tanto, dun conxunto de estrofas de catro versos octosílabos e rima asonante que transporta o lector a un mundo de ensoñación onde todo é posible. Dende o aspecto externo do mago –nariz de cenoria, cellas de bigote, boca tipo foca e ollos de piollo– ata a descripción do seu interior –só deseñaba facer felices os neños–, desenrola o autor un nobelo de fantasía onde a imaxinación tenta xogar, e xoga de feito, un papel importante como marco no que se desenvolven as relacións interpersoais, como instrumento co que se acadan obxectivos e como filosofía de vida.

Calquera obxecto, ser vivo, instrumento ou brinquedo que rodea o Mago Goma é susceptible de ver trastocadas as súas funcións; o pro-


Un conto rimado

Acertado dinamismo

MARÍA NAVARRO

tagonista ten frío no ve-rán e calor no inverno, un burro moi listo, anda cos pés polo teito, confunde gatos con lebres ou peras con mazás e

mesmo o galo que mer-cou canta pola tardíña e cala ao amencer. Mais en todo este caos aparente o Mago Goma é quem de atopar un certo sentido apelando á maxia e de-
buxando nos pe-quenos caras de fe-licidade.



É, ás veces, nos xestos disparatados, nos movementos sen sentido ou nas respostas absurdas onde, cáseque sen querer, advertimos a solución a cantas eivás emocionais ou físicas se nos presentan, ás veces, en forma de inconvenientes, de atrancos ou de obstáculos, de modo que case nunca se desenvolve o sentido da imaxinación para combatir as dificultades que a vida depara e neste liña Mago Goma non dubida en amosarles aos rapaces que tan bo é durmir de día e vivir de noite coma andar do revés ou non facer aquilo que se agarra de nós, senón o que cada un considere axeitado seguindo unicamente os ditados dun corazón xeneroso e dunha cabeza sensible aos problemas dos demás.

A forma en que o ilustrador, Adriá Fruitós, plasma a historia sorprende polas imaxes atractivas e cotiás e polas mesturas de cores que outorgan ao conxunto unha simboloxía e un dinamismo especiais. **NÚÑEZ, Toño/FRUITÓS, Adriá, Mago Goma, Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2010, PVP 13 €**